

# O TIO MARCOS D'A PORTELA

*Os mandamentos d'o MARCOS  
fora d' airexa, son seis:  
facer á todos xusticia,  
non casarse con ninguen,  
falar o gallego enxebre,  
cumprir c' o que manda a ley,  
loitar pol-o noso adianto  
con antusiasmo e con fe,  
vestir calzós e monteita  
peronnia sécula amen.*



*Teñen os pobos a gala  
n-o seu lenguaxe falar:  
fálase chino n-a China,  
portugués en Portugal,  
catalán en Cataluña,  
e n-a Alemania, aleman,  
soilo os gallegos d' agora  
hastra vergonza lles dá  
falar a melosa e dolce  
fala que falan seus pais.*

## PÁRRAFEOS C' O POBO GALLEGO

Ano séutimo

Ourense 20 de Setembre de 1885

Parrafeo noventa e seis

### A LENDA D' AS BURGAS.

Contáronma n-o Ribeiro!... Acórdocheme ben: sentámonos Sabela y-eu n-a veira d' o rio que s' esmorecía xemendo xunt' os erguidos brisos, lambendo as follas d' a lengua d' a ovella. e engarrando brillantes n-as picoadas silveiras.

A noit' era de lúa crarísima; mesmamente somellaba ó dia: como foi pol-o tempo d' o vrah, as rás cantaban n-as augas paradas, e algun labero d' os qu' estaban regando a horta aturuxaba decindo: *Viva o Ribeiro, ríbea!*

Destonces Sabela perguntoume sonrindo:—  
¿Qués que ch' a conte?...

E escomenzou así a lenda.

\*\*

«Unha vez era un pai e tiña tres fillos; ó mellor d' estes chamábanlle Pedro, e n-a casa adourában pol os vivires: os outros hirmaus sempr' andaban de troula por romaxes e fiadas armándo-ll' ás mozas cal co-a gayola ós melros...

Pedriño, como lle chamaban por tod' a redonda, era de bon facer: tiña un carácter muy manílico; xamais berraba encirrándose, daba consellos á todos de virtude, e sabia mais doutrina qu' o abade: era un santiño.

Unha ves correuse pol-o lugar, que Pedro fu-

xira d' a chouza, porque seu pai non-o quería poñer á estudiar pra crego...

Dispois de moitos anos sòupese d' él; pro xa non era como nos: estaba feito santo.

Acolá arriba, n-aquela serra onde hay tanto pedragallo, houb' unha ermida agachada n-a creba d' o monte: pois n-ela estaba o Pedriño facendo penitencia entre aunos e rezos. Soilo comia a fror d' o toxo que amarga que ten demo, e gomos de viña, pol-o tempo: beber bebia augua d' a chuvia. Mal pocadiño, cantos traballos pasaba!

N-unha tarde melancónea d' outono, Pedriño enfermou como s' estivera tocado d' o peito; tiña unha tos d' ovella.

Debeu tomar medo, porque, anque santo, era de carne e hoso e chamou á un pastor pra que o coidase.

Eiqui n-a vila, hay unha rua mais antigua e vella que o andar á pé; ó cabo d' ela érguese unha casa que hoxe ten os lenzos d' as paredes escagallados e d' a cor d' a parromeira... N-aquela casa hay unha taberna: «A taberna d' o Cristo.»

Aló, n-a remota edade en que os condes vivian n-ese castelo qu' está ó cemenario d' o pobo de

Ribadavia, que ó presente óllase desmoroado, sin almeas nin fochaneas, ond' os homes caian cal si foran cousas, había n-a taberna en cuestión unha muller tan bonita com' un ouro; non contaba mais de quinz' anos, sua cara remembraba as d' as virxes, y-a sua alma achegábase á mirar por seus ollos negros como duas uvas tintas d' as ribeiras d' o Avia... ¡ay, ser era un encanto a tal rapaza!: nomeábana Aurora!...

Certa tarde algueirouse a xente d' a vila, correndo medorenta pol-as estreitas calejas, arrempuzándose e ceibando gritos: algun dicía qu' era o desleigado Pedro Madruga que viña fender cacholas e segar pescozos... Por fora d' os muros non s' oubía migalla nin se supoñía nada d' o que drento pasaba. O conto é que n-a empinada costa ond' estaba e ainda se sent' a *taberna d' o Cristo*, víuse un corpo estirado e sin vida con een feridas feitas á pedradas pol-os d' o pobo: xunt' o morto viase un á modo de vaso de prata...

A Aurora cortexábana os galás de por aquí mais apostos e mais acomodados; ela non quería á ninguen... minto: estaba loucamente namorada d' un pastor... d' o criado d' o *santo d' a ermida*; el iñoraba a querencia d' Auroriña.

Por fin, vendo a rula que o cazador non lle facía caso, quixo vengarse.

Asperou aquela tard' en que iría á compral-o viño pr' o ermitaño; non podendo aturar o ardente cariño que ll' alcendía o peito, Aurora díxolle n-unhas faliñas com' a derradeira nota d' un harpa.

—Eu estou sola por tí: ¿quéresme?...—Y-o decilo meteulle, sin qu' él se porcatase, unha cousa n-o peito, que relumbraba...

—Non podo, Auroriña! Non m' o permite meu amo, dixoll' él.

—Xiroche que m' as has de pagar caras—repuxo a taberneira: e ó mesmo punto botouno fora d' a tenda e púxos' á berrar á porta cramando: *Ah de Dios, que me roubaron unha copa de prata.*

As pedras zoaron pol-os aires; homes, muleres e nenos agarraron d' o pastor, guindárono n-o chau, morto...

N-o pô tiña un vaso de prata.

O corpo foi arrastrado, esbandullado e posto n-unha esquina frent' a taberna, pra escarmento: ali púxose dempois unha cruz de pau; e as mulleres devotas alumaron con aceite...

É a tradicion alumaron á casa d' Aurora: «A taberna d' o Cristo.»

O señor Pedro esperou en valde a volta d' o criado.

Cando lle dixeron o feito a rábecha púxolle cachenas; chorou e calou, virando os ollos pr' o ceo «*c' os puños fechados...*»

Din qu' o santo viñ' a botar eiquí as augas de ferro, quentes e frias. Pr' o en venganza d' o socedido, arrecadou as limelas ond' as gardaba,—cal a semiente,—e como gato escaldado, fuxeu pr' a Ourense.

Xa, alí, cacheou un bao corruncho, valeirou as limelas d' as augas e cuáseque ó mesmo istante comenzaron a rebullocer as Burgas; unhas fervendo a cachon, outras fresquiñas e salitrosas cal a néboa n-as prayas...

Dempois collendo a sua capiña remendada, estendeuna sobre d' o Miño, púxos' enriba d' éla, e deixouse ir co-as mainiñas ondas qu' o levaron a un remanso d' o rio, muy lonxe; foi dar a Tuy, xa cadabre, pr' o arrecendian as suas brancas carnes cal as rosas d' un xardin de Pontevedra.

N-a catredal de Tuy, esist' un letreiro que dí pouco mais ou menos: «Por eiquí nasceu san Pedro Gonzalez Telmo, y-aquí s' enterrou.»

Xa caia moita xiada xunt' o rio.... Sabela calou.

Entramientras sacudiamol-a terra d' estar sentados, un ruisinol cantarexaba n-a poula d' un olmo...

—«Ven todal-as noites de luar cantand' ó pé d' o rio,—adevirtiume Sabela:

«Por eiquí din que é a almiña d' Aurora, encantada pol-o santo.»

LISARDO BARREIRO.

¡AY!...

(Ó MEU BO AMIGO XAVIER GAITÉ.)

¡Morreu abafado!...  
¡Non deu un suspiro!...  
Quedouse n-o véerce  
de palla e de bimbios  
c' os ollos abertos  
deitado, surrindo...

Un ánxei somella

c' as maus o probiño  
en cruz n-aquel peito  
tan branco e tan limpo...  
Encóbrelle a frente  
madeixa de rizos,  
ten cor o sembrante  
de follas de lirios  
e cheiranlle á rosas  
os lábeos roxizos...

'O velo n-o vercc  
de palla e de bimbios  
c' os ollos abertos  
deitado, surrindo,  
parés qu' aquel ánxei  
quedouse durmido  
soñando con sonos  
d' estrelas e chíos  
de páxaros tenros,  
e xogos tranquilos  
d' os nenos d' aldea  
descalzos y-espídos  
qu' aló pol-o inverno  
tremendo c' o frio,  
fan cregos de lama  
y-airexas de lixos  
sentados en riola  
o pé d' os camiños...

¡Os nenos d' aldea!  
Os nenos sofridos  
que nunca tiveron  
xoguetes nin viron  
soldados de promo,  
cabalos, cochiños  
con nécoras drento  
choutando e bulindo...

Os nenos d' a aldea  
que van ateridos  
co-a chuva d' o inverno,  
co-a neve y-o frio  
aló pol-os montes  
levando feixiños  
de fousa e carqueixa  
pr' o lar s' en abrigo...

¡Morreu abafado!...  
N-a gorxa d' arniño  
tixeiras de punta,  
coitelos de fio  
cravándolle a carne  
sentiu o probiño...

¡Morreu abafado!...  
¡Non deu un suspiro!...  
Quedou n-aquel vérce  
com' un paxariño  
qu' esconde entr' as prumas  
d' as alas o pico  
e dorme agardando  
a aurora n-o niño.

Ti non morreche,  
ti estás durmido,  
—n-ese lenguaxe  
todo sospiros,  
todo vagóas,  
todo cariño,  
dille unha probe  
nai á aquel fillo.—

Fálame, neno,  
¡fillo!... ¡filliño!...  
¿Tí non escorias  
meus áis dooridos?  
¿Non ves meus ollos  
cuasque sin brilo?  
¡De chorar tanto  
xa están ceguiños!...

Fogo de frebe  
n-as venas sinto...  
mira que morro,  
fálame fillo.  
¡fillo d' a yalma!  
¡fillo!... ¡filliño!...

Y-o probe neno  
sempre durmindo  
sono de morte,  
sono tranquilo...  
Y-a nai, d'os doorcs  
n-o parousismo  
sacode a testa  
n-aqueles bimbios...

Muller non chores  
qu' os anxeliños  
teñen n-os ceos  
seu agarimo...

Mais quen con contos  
com' eses vai,  
cando é que sofre,  
xunto á unha nai.

ALBERTO G. FERREIRO.

Setembre 13 de 1885.

## CONTO.

### I

Era a noite d' o vintetres de san Xoan d' o ano de... non sei cantos. N-os altos petoutos que croan a xigantesca serra de Peñaslibres, vianse, de vez en cando, esmirradas meigas, aneboadas pantasmas e ricos e locentes encantamentos: xogaban e trouleaban como si se despuñesen á celebrar unha romaxe d' as de marca maior, pois nada menos sinificaba aquela axuntanza de mal fadados espiritus, apartados sempre pol-as grandes xenreiras d' os seus distintos poderíos.

As portas d' os seus suntosos e medoñentos pazos hachábanse abertas de par en par e n-eles entraban todos, de róta batida, sin reparar xi-  
quera s' era o própeo ou o d' o veciño.

Era grande a algueirada y-estrondo que ar-  
maban por ventar, sin duda, prousima a romaxe  
d' o san Xoan; pol-as congostras e ladeiras d'  
a serra roulaban grandes e descomunales penedos,  
que viñan á esmigallarse contra outros maiores  
qu' encontraban n-o seu camiño; o cercano pobo  
de Villardevós, de non hacharse d' antigo acostumado  
á aqueles festexos infernales, léveme  
xuncras si queda n-él quen contase o estrano su-  
cedido; pero lonxe de s' asustaren, como lle suce-  
dería ó mais ben pintado, xuntaronse n-unha  
chouza en forma de taberna, que, mais ben pra  
matal-o tempo, que pra ganar un ou medio, tiña  
o tio Vitorello, home honrado e de moita sabiden-  
cia n-estes contos de meigas, pantasmas y-en-  
cantamentos.

—E logo—decía o tio Vitorello—que pensan-  
des d' algueirada qu' están armando os nosos  
veciños d' a serra?

—Qu' imos pensar, home, qu' imos pensar—  
contestou o tio Xé d' a Maleta—que à hora menos  
pensada ven un penedo d' eses qu' están botando  
a roular, y-estrálanos com' unha rà.

—Cá, home, cá, esas sonche toladas. Hoxe,  
pra que sepandes, á a ocasión de poñernos ricos  
á conta d' eses espíritos barafullantes.

—¡Como ricos!—escramaron a unha, póndos-  
en pé, todol-os que s' achaban n-aquela mala  
imitación d' o templo de Baco.

—Sí, señores, ricos, e ricos como ninguen  
d' esta terra; mais, se m' apurades, qu' o Porco  
Gordo d' Enxames: a cusion está en que quei-  
randes faguer o que vos mando, que ó fin y-  
o cabu nin é morte d' home nin xiquera esquece-  
mento de muller.

—Sendo así...—dixo o tio Xé d' a Maleta.

—Se non-os socede mal...—reprimou o tio  
Calulas.

—Estonces...—adevirtiron todos.

—Xá está dito: nin vos ha de soceder mal, nin  
indes ter perda ningunha como fagades o que vos  
diga. ¡Querendes?

—Bueno, «alá tua y-alma tua palma.»

—Pois mirai: pol-a maña cediño todal-as en-  
cantadas saen afora pra pentearse n-as fonteli-  
ñas d' a serra; son moi amigas de qu' as sauden,  
e ;pequena sorte que lle cai ó que teña a sorte de  
poderlle dar os bós días! Pero esto xa non vos  
digo c' o fagandes, pois anque sei que sodes va-  
lentes d' abondo, tamen conezo qu' é preciso  
terlle pouco amor á vida pra rubir a tales horas  
pol-a serra; mais o que podenes faguer é ir ali  
como pol a media maña e levar moitos ribetes  
encarnados, qu' esta é a cousa que mais ll' agrada  
y-a que, n-o caso de que quixesen darvos, vos  
habia de librar d' as suas uñas.

Eso sí: c' os ribetes non hay pra que terlle  
medo: é cousa segura.

Pois bueno, levandas os ribetes e inles direi-

tiños, com' o tiro d' unha carabina, à Pedra d' a  
Grecha, onde, como non iñorades vos, están os  
encantamentos mais ricos; unha vez ali, non  
tendes pra que acordarvos de Dios nin d' os san-  
tos, porque o que vos conven é xurar e maldecir  
o que poidades, namentres que non volvandes ás  
vosas casas.

—Pero home—reprimou o tio Calotes—eso de  
xurar, maldecir e non poder acordarse de Dios  
nin d' os santos dame moito en que cavilar, e,  
según vou colixindo, paréceme que debe ir des-  
contr' a concencia.

—Vaya, vaya, en que te fixas Calotes! De tí  
m' estrano, home ¿non tés tempo dempois de te  
confesar, de comulgar y-hastra de faguerte un  
santurron s' a máñ ven?

—Si; pero...

—Bali' ten razon o Vitorello—enterrumpiu o  
tio Pedraca—y-eu irei e xurarei e maldecirei e  
farei o qu' él me maude hastra cairme de... costas.

—Y-eu contigo!—berrou o tio Calulas.

—Bueno, homes, bueno, xa sondes douis: non  
necesitandas a mais naide, porque como dí o re-  
fran «a cousa de moitos cómeca o lobo;» agora  
cumprise c' o que vos dixen ó pé d' a letra, que  
vos agoiro que non habemos de ter mal Agosto.  
Descansai ben y-hastra maña se Dios quer. E  
dicindo esto pechou a porta d' o seu miserabre  
pendello e rubiu a manducar unhas pataquínas  
que xa lle tiña porparadas a sua filla Madalena.

## II

—¡Caráneo! ¡recaráneo! Ind' eu arda com' a  
neve se non boto abaix' o penedo!

—¡Recontra! ¡carafe! xuncras me coma nunca  
se non é certo o que dí o meu compañeiro!

—¡Mecáchis! Abrid' a porta se non querendes  
qu' esfarelemos a fungueirazos a pedra!

—O mesmo digo eu ¡recorcio!

Ruuuunnnn.....

Tremou a serra; vanguelearon os penedos;  
estremecéronse os douis xuradores, y-abriuse un-  
ha rendixela n a pedra descomunal que chaman  
d' a Grecha, aparecendo por ela un culebron axi-  
gantado que con rouca y-estrepitosa voz lles  
dixo:

—¿Quén sodes pra vir turbar o silencio d' es-  
tas moradas?

—Señor.....—respondieron eles— somos nos.  
Eiquí lle... traguemos esta... pouca cousa, que...  
qu' esperamos non sea despreciada. Y-amostrá-  
ronll' os ribetes encarnados.

—Bueno, caramba, bueno—continhou o cule-  
bron con voz dulce e melosiña—luego sabíades  
que me gustaban estes colores?

—Xá llo creo... qu' o sabíamos: non que sinon  
habiámoo... vir a incomodalo—respondieron eles  
con mais medo que vergonza.

—Pois entrade qu' indes tomar un taco.

—Non señor, despense que non comemos.

—Pois estonces entrai. Mirai qu' estades n-a  
vosaa casa, caráneo.

— X' o sabemos, mais perdone que non entremos tampouco.

— Pois enton agardai ehí.

Decir esto, meterse pol-a rendixela e sacar unha cesta acugulada de moedas d' ouro, tixeiras, teazas, cuitelos y-autras moitas cousas d' o mesmo metal, foi unha mesma cousa.—Tomai—díxolles—eu ben sei qu' esto non vale nada pr' o que vós me trouxestes; pero pr' outra vez será mais. E desapareceu sin que poidesen saber pr' onde; o tio Pedraca dixo que lle parecera que o tragár' a terra; o tio Calulas contou que se volverá polvo e que o levara o aire: en certo non se sabe que foi d' él.

Os homes d' o noso conto, en cámbeo, roncos de tanto xurar e maldecir, y-admirados co-aquel tesouro que, cuáseque sin saber como, se lle viñer ás maus, baixaron caladiños hastr' o porto d' Arribeira.

O diaño que nunca fixo cousa ben feita, nin arrematou obra qu' empezase, quixo que os homes d' o noso conto, olvidándose d' os consellos d' o tio Vitorello, y-atónetos c' o que lles socederá entabrasen a siguiente conversa:

— Ay Pedraca?

— Que!

— Mira que tixeiras tan feituquinas: mesmo parece que sairon d' as maus d' o Noso Señor.

— ¡Asús! ¡Tí que dixeche?

— Mais que dixeche tí, ladrazo!

### III

Grande, moi grande debeu ser o revulcio que s' armou ó prenunciar os doux sagrados nomes, pois que, segun contan os vellos, o tio Pedraca y-o tio Calulas morrerón c' o susto ó cabo de tres días; as moedas, as tixeiras e demais ouxetos convertíronse en negros carbós que daban un cheirume ó xofre como s' acabaran de sair d' o inferno, y-a Pedra d' a Grecha, ese xigante de granito, ali quedou pra servir de pasmo ás xeneracíos presentes e d' o porvir e pra qu' ó ver aquela descomunal rendixela que ten mais de tres veces millenta polegadas de largo, n-a que ainda naide s' astreveu á entrar, visen ás craras qu' er' a porta por onde saira o culebron.

As cousas ou faguelas ben ou non faguelas.

XESÚS D' O RÍO.

Villardevés, Agosto 31 de 1885.

### ESTAMOS SERVIDOS...

Unha mañan d' o inverno friorento  
pegoume n-a manía  
d' ir á mirar un campo de centeo  
que temos alá enriba:  
Ay nunca eu fora  
pois atopei n-o medio d' o camiño

— Xacinto Carolas.

E faloume o tal home moi choroso:

»ont' a noite meu fillo

»víñache de botar a y-auga ó rego

»por este mesmo sitio;

»com' a boca de lobo

»sin verse ceo nin terra estab' a noite

»d' encarga para tombos;

»ó erguerme d' un, non sei como demonche

»mirei pro castiñeiro

»qne tedes n-o escampado xunt' a presa

»e vin un bulto negro,

»despois un bulto branco

»y-enseguido por arte d' o fanico

»xunto o negro c' o outro.

»Eu ó mirarme en tal tirei c' o sacho

»e votei a fuxir.

»mais ó chegar ó eido inda pensaba

»que viñan pór de min.

»Alí ándach' o demo

»qu' eu vin por estes ollos os doux bultos

»facérense un novélo.»

Coma un bimbieiro o probe d' o Xacinto

coitado! tremeaba:

»non faga caso d' eso—díxenlle eu—

»cicais non fose nada,

»ou soñaria vosté

»que viu tod' ese fato de mintiras,

»adios, hast' outra vez.»

«Será así»—respondeume—e logo foise,

eu camiñei tamen

y-ó pasar acaron d' o castiñeiro

sentin un non sei que...

Dend' aquel mesmo dia

non volvin aquel sitio condergado

seica pol-a perguiza.

—

Com' eu teño n-a chola o conto este

penso par' o meu saco,

qu' o mundo xa camiña de remate

pois veñen véllo os trasnos.

¡Arrenégote! ¡Asús! So se percisa

qu' agora qu' hay tan pouco pra ir vivindo

s' achegue mis familia.

R. PESQUEIRA CRESPO.

Pontareas 8 Setembre, 1885.



N-unha rua que está preto d' o Norte, viven duas rapazas d' as que, unha alcontrase namorada (anque non mui firme) c' un polo d' Ourense que a xuzgar pol-a talla daba un cabo de gastadores enxebre.

Pois ben, a condargada d' a rapaza enganou ó noivo dicindolle que cando vise un pano ou farrapo branco n-a ventana a estilo de *coello*, qu' enton era unha sinal d' abondo pra saber que à tarde saia á paseo.

Meu dito e meu feito, n-o derradeiro domingo y-ansi como pol-as once d' a mañá, o rapaz pasou muy compreto c' un seu amigo a quem ll' habia confiado o sacreto, e díxolle: ó atravesar que mirase pra ventana, resultando qu' en vez d' o pano puxéralle unha *manga* d' un vestido ou d' unha chambra, que parecia a boca d' un trabuco de tesa. N-o momento, o que iba n-a sua compañía, que naide llas pega de burro, botouse á rir a caraxada chea e reprocoulle: *Carafio! s' estas che son mostras d' amor c' o demo ch' as leve*, e con tal motivo separouse d' él.

Mais o probe d' o rapaz todo acongoxado e cheo de cólera votouse á pasear por baixo d' un soportal, e pegaba cada alancada que por unha ou duas veces houbo de cair por causa d' un gromo d' as *figueiras* que había n-o chao.

Chegou a noite, e cando eles menos deprocatados andaban n-un paseo d' a lameda, sairon unhas voces que dician: *que bailen os d' a manga, que bailen...*



Nantronte trouxéronme n-a compañía d' unha dama xuana rebordando un arrecendente e rechispeante viño, a carta que sigue:

Sabadelle 15 de Setembre de 1885.

Meu amigo TIO MARCOS: hastra hoxe non lin o seu parrafeo d' o domingo.

A lavadeira de marras, por quien lle mandei a gotiña d' o d' a casa, deu tan forte coteñada n-o camiño qu' esnafrou un dedo d' un pé, chimpou a dama xuana e verteu o viño: ben pudo vosté deprocatarse d' o que lle socedera, e non virme con búrlas e retranqueiras ó recibir a miña carta toda eslarafuzada de viño, hastr' o punto de non poder ler aquelo d' o médeco que se ria d' a miña coxeira dicindo con sorna que non tiña nada.

Escurrichei o pipote e non me quedou nin dedal de viño. Tiven que mercar outra dama xuana, que lle mando chea dentro d' un culeiro pra que non vayan a escachala tamen n-o camiño, e vai tapada c' un carozo de millo untado en pez pra que non-o chisquen xiquera os lambós d' as portas.

Fólgome decote saber que xa anda solto pol-as ruas campando pol-os seus respetos, parrafeando c' os amigos. Pro domingo que ven ei d' ir á velo porque xa podo andar e xa ten ganas de darlle unha boa aperta o seu amigo

FARRUCO.

#### Alá vai a resposta.

Amigo Farruco: Bós discípulos me van saindo.

¿Qué vosté deprendeou de min as revoltas e retranqueiras que sabe? ¡Arrenégote! ¡Nin pol-os forros conozo eu a verba d' esa gramáteca parda que vosté manexa millor que os monecillos o incensario! Nin Lepe Lepixó lle pon á vosté o pé dianete. A pouco non toupei co-a risa que me causou o de que se vertera o viño pol-a carta, solamente c' o gallo de que non soletreara aquelo que falaba d' o médeco, que ventando que xa non tiña vostede onde colgal-o candii, deuno d' alta pra que non-e deixasen en baixa os que ll' eslomedraron o artello d' un fungueirazo.

Que o viño non se verteu pol-a carta, cóstame: de se verter chegaríame o cheiro; pro non foi así, víñalle limpiña com' unha prata.

Non sin xusta razon perguntará vostede: ¿á que veu logo non poñer aquelo d' o médeco? ¡Qué lle quer, amiguño, que lle quer! Pareceume que a deluba o collía pol-o cernizo, e non son gustante de que s' atoen xeneireras entr' os veciños. Pol-o demais nin lle debo nin lle temo, e pol-a contra si á mau ven e me colle á terbo, non respondoo de que faga comigo aquelo que fai con outros; pero xa ten un conta de sí e vostede ben m' entende.

Meu amantiño, pinga com' ela non ll' a botei fai anos. De regaren o cimenterio c' o seu viño, malos lobos me non coman si non rezusitan os mortos; mais non m' estrevo á propoñer este rego, pol-a mor de que non m' esfarelen os meolos algús qu' herdaron arrunfladas de bés e diñeiro e non gustan de que se fagan estes milagres pra non soltar o que teñen e disfrutan.

Estou discurrindo a cousa que será mais d' o seu agrado pra ll' a dar en pagas d' o agasallo; pero xa vexo que namentres turro d' a pinga non cayo n-a conta. ¡Xa se ve ríbeme ó celebro! anque ten o condanido unha caida d' aquela caste, inda millor que a caida que ten o viño d' o señor abade de Pardavedra pr' ó alcalde d' a Bola.

Non se me vara ó bebelo a lingua, louxe d' elo ¡María Santísima! Pr' o teño as miñas dudas de que m' esbaren os péz, e fora tolería espoñerse á mais esbaraduras, dando como din pol-a promeira c' o meu corpo de reixas adrento.

En fin, logo qu' escorriche a dama xuana, falaremos. ¡E canto temos que falar! Oubera co-as nosa faladurías pra encher todol-os libros d' a biblioteca si estivesen en branco. Sería cousa de non acabar solamente co-as parolas d' os alcaldes.

Haillos d' a dez ó carto com' as noces, de sete en besta com' os señoritos de Beade, de fanfurriña com' os fidalgos d' o faramello.

D' os que se fan os xordos ¡asús! haillos á feixes com' a mala herba. ¿E d' os que remexen as trécolas pol-o sistema d' o tiquis miquis? ¡Non se diga!

Vaya, pr' o namentres, vou tapar a boca con outro vaso, porque d-outro xeito deprocátome de que se me vai sóltando a tarabela.

Saudiña.



Escomenzou á ver a luz en Ourense un novo periódico. Lémbrase *A Pulga*. Supoño que será de tempada de vrau, pois pol-o inverno as pulgas buscan o agarimo d' as mantas e non san ás ruas.

O condanido d' o becho non deixa de ter chispa e vaise acomodando á xeito pra picar á modiño. Teña conta co-as picadelas, pois por acó haille inoitios que teñen o pelexo muy fino e son amigos de sacodir as pulgas. Tampouco se meta co-as beatas porque si co-as pulgas que colleu n-a ei-rexa fan o que fan pol-as noites dinantes de se deitar, ¿qué non farán co-as que collan fora, tendo como teñen metido n-a cabeza que as *pulgas literarias* son malas pulgas? Co-estas non perderán o tempo en fincarlle a uña: dempois de restregalas entr' os dedos, botaranas pol-o tubo d' o quinqué embaixo pra que toupen n-o lume d' o petróleo.

Fora mellor que n-o canto d' a pulga saise o chinche pra que as suas picadelas fixesen ronchas.

Pol-o que fai á min, pode *A Pulga* picar o que lle praza, pois anque non estou afeito á elas, por que non aconbo solamente con ventar unha n-o meu corpo, non terei mais traballo que o que me custe poñer roupa nova sin trocar de chaqueta.



¿Eu non-o dixen? Xa temos lio c' o gallo d' o certáme que o *Liceo-Recreo d' Artesaos d' a Cruña* celebrou en honra d' a nosa inmortal Rosalía de Castro.

Pasa n-estas loitas o mesmo que n-as d' os partidos. ¡Como non hay acomodo pra todolos que bulen e remexen!...

A min, ¡pra qué hei decir! enhéronme mais o olllo as redondillas de D. Mariano Tous, nome que foi ó lume enfardelado n-un sobre, que as mais d' elas en castelao que sairon premiadas.

Xa me dera mala espíña o que andivera n-o Xurado un brigadier. As espadas n-os agros literarios fan mais estrozos que as fouces e gadañas.

*O Diario d' Avisos d' a Cruña* meteu a maeixa n-o argadelo y-escomenzou a devanadoira. Non sei si fará moitos novelos. Pol-o pronto non colleu ben os cabos. Dí que todolos poetas de sona acodiron ó concurso, e chócalle que ningun saise con premio. N-esto non estamos de acordo compañoiriño. Cóstame que fora d' os que sairon galardoados, non acodiu outro poeta de sona ó certame. E senón, já qué non s' estreve xiquera a soster en groma que Curros, Pondal, Ballesteros, García Ferreiro y-autros que non lembro mandaron versiños á esculca de loureiros?

Socedeu o que tiña que soceder; o de sempre: promeiro esperanzas dempois queixas. Todolos certames d' a terriña arrematan con lios.

O de que faló non había de s'escurrir d' a costume, e pra mais sendo como foron os heroes d' a festa unha Emilia y-un Emilio.

Como valen moito estes dous nomes, collérinos pol-a derradeira silaba, e non podendo armari-

lla por outro lado armáronilla pol-o lio, e vanse liando.



Encárgolle os meus compañeiros de monteira, perguiceiros n-o tocantes a soltar as cadelas, que denantes d' o domingo que ven fegan as paces co-a ademanistracion, pois anque non pasa de vinte reás, son moitos, pr' o moitos aqueles que deben, e de pagaren contaria c' unha boa arranxada de cartiños, que non me pintarian mal arrestora, pois o Agosto foise e lonxe de *Facelo*, fixéronmo pasar atoado pol-as patas n-a cadea. En vista d' o que, os que pr' os derradeiros d' este mes non teñan axustádal-as contas, que non agarden mais pol-as miñas visitas, pois non son amigos, nin compañeiros, nin can que lles ladre os que queren botarme de perda dempois de que os nemigos me botaron á parrafear c' os presos.

A todos, pra que non haxa disculpas, vaille o axuste de contas n-este parrafeo.



#### CORREO D' O TIO MARCOS.

D. B. P., Layas.—Recibin dazaoito reás pol-a sua suscripción hast' os derradeiros d' o mes que corre.

D. M. F. S., Lugo.—Recibin seis pesetas pol-a sua suscripción hast' os derradeiros d' este ano.

D. V. L., Monforte.—Recibin tres pesetas pol-a sua suscripción hasta fin de Febreiro d' o ano que ven.

D. E. R. D., Barcelona.—Recibin seis reás pol-a sua suscripción hast' os derradeiros de Novembre.

D. C. de D., Xunqueira d' Espadafredo.—Recibin duas pesetas pol-a sua suscripción hast' os derradeiros de Novembre.

D. X. R., Cruña.—Trocóuselle a faixa. Alcóntrase en descoberto en le trinti de Xullo.

D. L. L., Escorial.—Recibin tres pesetas pol-a sua suscripción hast' os derradeiros de Marzo d' o ano que ven.

D. R. F., Monforte.—Recibin seis reás pol-a sua suscripción hast' os derradeiros d' este ano.

IMPRENTA D' O ECO D' OURENSE.

Alba 15, baixo.



## O TIO MARCOS D' A PORTELA PARRAFOS GALLEGOS

Sai á luz en Ourense todolos domingos en oito páginas en folio, contendo artículos de costumes, poesías, esemérides, cantares e contos d' o país gallego.

### SUSCRICIÓN

Seis reás cada tres meses.

### ADMINISTRACIÓN

Alba, 15, Ourense.

O pago d' as suscriciós é por adiantado.—Os números soltos vénndense á dez centimos de peseta.  
—Os pagos faranse en letras d' o xiro.

## A COMPETIDORA D' A NEVE GRAN FRABICA DE GASEOSAS,

OURENSE—Rua de San Miguel, 16, baixo, conserxeria d' a Union—OURENSE

Non terlle medo a raxeira  
d' o sol, nin tampouco ó colera  
namentres haxa n-a Unión  
os sifós de gaseosas;  
con levar n-a faltriqueira  
dez cadelas en dez rodas,  
pidir un sifón, e darlle  
a un gancho que ten á volta,  
pol-o canuto danteiro  
sai un auga que consola,  
que a neve  
anque — que aservoa:  
fa e bebelá, n-os labeos  
non sei que xunceras de cóxegas,

que parés que os anxelíños  
as maus n-os poñen n-a boca;  
tanto n-os refresca e prace  
cando pasa pol-a goxa,  
que asemella a auga d' o ceo  
que por embudo n-os botan,  
e cai d' un xeito n-o estomago  
qu' o refrixerá e conforta.  
Non houbo un home n-o mundo,  
que bebendo gaseosa  
mórrese de indigestión  
ou sentise a sede loba,  
porque vos é unha bebida  
que com' ela non hay outra